

# EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1 - Teléfono 218204

VIGO-30-maio-1974

Sr. D. Luís Seoane  
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Xa vai pra un mes que recibín a tua carta. Seguindo as indicacións que me facías pedinlle a Isaac unha xerocopia do artigo de Corredor Matheos. Pareceu-me moi interesante. Saírá reproducido, na sua maior parte, no número de "Grial" que está no prelo. Pra que non aparezan duas cousas xuntas no mesmo número, deixéi pra o seguinte os comentos dos teus derradeiros albums de dibuxos.

Por aquí andivo, nefeito, Castro Couso. Porén, eu non o vin nin soupen del máis que o que teño lído na prensa. Parece que foron Mon e Naya os que o acompañaron e lle prepararon unha mostra dos seus traballos.

Non me esquezo da edición do libro de Pita. Confío en que aló pra o outono esteña na rua. Pesie ao afecto que por el sinto cústame moito dar este paso. Pola sinxela razón de que temos en turno de publicación unha ducia de volumes de versos, cuia aparición vou demorando, e cando os poetas vexan editado o libro de Pita reaccionarán moi mal. Sobre todo porque hai algún que agarda dende hai máis dun ano.

O outro día estiven en Padrón con Dieste e Isaac, que foron acompañados das suas mulleres pra asistir ao acto do Pedrón de ouro que lle concederon a Álvaro Gil. Tamén estivo Valentín e moitos amigos. Por certo que alí nos amostraron o libro de Luís Villaverde encol dos mariscos, que acaba de publicárese.

Pesie á fermosa xeira aberta polos nosos veciños, as cousas por aquí siguen máis ou menos o mesmo. A ver si cando tí veñas se deseñan outras perspectivas.

E nada máis por hoxe. Con garimosos saúdos a Maruxa, e de Evely pra os dous, recibe a forte aparta de sempre, de

C/c. Banco de La Coruña, Banco Pastor, Banco H. Americano,  
Banco Exterior de España, Caja de Ahorros Municipal de Vigo

*Paco*